

O CASTRO DE SANTA TEGRA

LEMBRA:

Os castros son un dos grandes patrimonios da historia de Galicia.

1. Que sucedeu: os acontecementos

No século IV a. de C., as actuais terras de Galicia estaban poboadas por uns pobos galaicos de orixe celta, que construíron uns poboados amurallados chamados **castros**.



2. Onde tiveron lugar: o espazo

Os castros construíronse por toda a xeografía galega e tamén asturiana. O mellor conservado é o **castro de Santa Tegra situado na Guarda**.



3. Cando sucederon: a cronoloxía

A orixe do **castro de Santa Tegra** sitúase hai preto de 2100 anos. O castro estivo habitado aproximadamente 200 anos, cando os romanos conquistaron Galicia.

4. Por que ocorreron: as causas

Para protexerse e controlar o territorio, os antigos galaicos construían os poboados en lugares elevados e rodeábanos con foxos ou murallas feitas con grandes bloques de pedra.

CONTESTA:

1. Que cousas se preguntan os historiadores para coñecer o pasado?

Que sucedeu: os acontecementos

Onde tiveron lugar: o espazo

Onde naceron: o país

A fala : o idioma

Cando sucederon: a cronoloxía

Por que ocorreron: as causas

2. Que sabemos dos castros galegos?

Os castros eran uns poboados amurallados, situados en lugares elevados nos que viviron os celtas ata que os conquistaron os romanos. Construíronse por toda Galicia, o que mellor se conserva é o castro de Santa Tegra.

Os castros eran unas ciudades galegas cheos de casas de pedra situadas preto do mar e rodeados de murallas. Construíronse por toda Galicia, a que mellor se conserva é a muralla de Lugo.

3. Relaciona .



Castro de Santa Tegra



Muralla romana de Lugo